

Á vista do escrito de dona María Dolores Fernández Rodríguez, Investigadora principal do proxecto titulado **Estratexias de Control e Automatización para a Eficiencia Enerxética e Produtiva en Explotacións Porcinas de Desteta** da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización das prácticas do alumnado do Master en Dirección de Proxectos impartido na Escola Politécnica Superior, da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

-Considerando que o proxecto de investigación **Estratexias de Control e Automatización para a Eficiencia Enerxética e Produtiva en Explotacións Porcinas de Desteta**, arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións da Facultade de Psicoloxía, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas do alumnado do Master en Dirección de Proxectos nas instalacións da EPS que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- As prácticas que realicen os alumnos/as terán unha carga docente de 15 créditos ECTS , e desenvolveranse de xeito continuado nun período de 10 semanas, ou ben en períodos discontinuos, previo acordo consensuado entre o alumno/a e a dirección do proxecto.. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, , sen poder superar o límite de 375 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos..
- Estas prácticas realizaranse no período comprendido entre o 1 de setembro ao 30 de abril do curso académico no que se cursen as prácticas.ortes e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión Académica do Master nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento ds prácticas dos alumnos. Así mesmo, a dirección do proxecto de investigación nomeará a un titor/a que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.

- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do Proxecto de Investigación..
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Proxecto de investigación emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2012

O REITOR



José Casares Long

José Casares Long

SRA. MARIA DOLORES FERNÁNDEZ RODRIGUEZ
SR. CARLOS AMIAMA ALVAREZ
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA
SR. DIRECTOR DA EPS